

E RECORDA...

✓ Tódalas etapas do desenvolvemento infantil presentan conflitos, pero unhas etapas son máis conflictivas que outras polas tensións que producen os comportamentos desaxeitados dos rapaces e rapazas e a dificultade de encauzalos. Despois dunha etapa dura ou altamente conflictiva pola frecuencia con que nos desbordan as situacións, chega unha etapa de asentamento, de calma. Temos que recuperarnos para poder afrontar a seguinte e disfrutar dos membros que compoñen a nosa familia e de nos mesmos. E se non pode, pida axuda.



✓ Non hai pais perfectos, todos podemos caer nun erro ou nunha cegueira momentánea. Non nos


martiricemos por elo xa que sempre que haxa intención de mellorar podemos aprender uns membros da familia de outros. E recordade que, afortunadamente, a maioría das veces estamos a facelo ben.

✓ Os pais deben empezar por predicar co exemplo; isto é: se queres que o teu fillo sexa amable, sé amable; se non queres que minta, non mintas. Así de doado. Ou non....

PARA SABER MAIS...

Vidal, Margarita: "El comportamiento infantil. Orientaciones educativas". EOS. 1999

Departamento de Orientación
Colexio M^a Auxiliadora



Misión: ~~X~~posible

¿CÓMO FACER PARA QUE FAGAN?

P R I M A R I A

¿Disciplina? ¿Límites? ¿É só cousa de pais moi estrictos?

Hoxe en día a palabra disciplina non goza de moi boa prensa. De feito, confúndese a disciplina co castigo ou cunha rixidez extrema á hora de relacionarse cos nenos/as, esquecendo que o significado de disciplina ten máis que ver con aquilo que desexamos ensinar aos nosos fillos: o saber, o bo comportamento, as regras de convivencia, a aceptación dunha serie de normas, etc.


Mirándoo de este xeito temos que considerar que a disciplina é necesaria e que sin ela os rapaces medrarían sen unhas pautas básicas de comportamento, establecidas a través dos límites que con ela poñemos. É difícil, require tempo, esforzo e dedicación aos fillos

Establecer límites cos fillos é un xeito de amosarlles o noso amor e preocupación, indicando que os estamos a coidar, en moitos casos, a maioría, preservando a súa seguridade física ou emocional e ofrecéndolles un entorno de seguridade no que saben a que aterse.

Os nenos educados con disciplina e límites desenvolven co tempo autodisciplina e autoimpóñense límites, pois aprenden a analizar as cousas. Comenzan a desenvolver a conciencia, identificando por si sós actos errados.



Departamento de Orientación
Colexio M^a Auxiliadora



AUTORIDADE SI, PERO SEN AUTORITARISMOS

Non debemos confundir a disciplina coa educación baseada en castigos. Os resultados deste tipo de educación soen ser escasos, por non falar dos seus efectos secundarios. A maioría dos pais intentamos convencer aos nosos fillos con cariño e con explicacións, pero cando este método deixa de funcionarnos, soemos caer en aquilo de "se non fas caso castigareite".

PERO... ¿COMO CONQUERIR QUE AS NORMAS SEXAN ACEPTADAS?

Regras, poucas; pero claras: Existen unha serie de normas que deben estar claras dende o principio como as referidas ós costumes hixiénicos, as rutinas da mañá antes de saír da casa, a colaboración no fogar, a hora de ver a televisión, o tempo de estudio, etc. Convén que involucremos aos nosos fillos no establecemento de regras e límites, deste xeito estarán máis dispostos a colaborar no seu cumprimento. O mellor xeito de conquistar nenos e nenas responsables é darlles responsabilidades.

Sexamos coherentes: Imaxinemos a seguinte situación:

-“Andrea, recolle o teu cuarto... Andrea, tes que recoller o teu cuarto...i Andrea, recolle agora mesmo o teu cuarto!.. ¡XA ESTÁ BEN ANDREA, SEN TELE TODA A SEMANA!

Este tipo de ameazas son as que se dan en chamar ameazas vacías, pois resultan difíciles de cumprir e rematamos perdoando ou consentindo. É comprensible que esto suceda pero as ameazas vacías restan credibilidade aos pais e carecen de efecto educativo.

Máis consecuencias e menos castigos

Un neno come sen permiso a metade do postre que a nai ten reservado para a cea. Repréndese ao neno decindo: “mañá non irás ao parque!, estáselle a imponer un castigo, pero si se lle di: “ipois hoxe non haberá postre para ti!”, entón trátase dunha consecuencia pois xa comeu a súa parte.

As consecuencias son lóxicas, os castigos son arbitrarios; pois o neno non comprende a relación e síntese tratado inxustamente.

Nunca debemos insultalos

Ás veces poden escapársenos frases como: “eres parvo, ¿non ves o que fixeches?”. Os sobrenomes como parvo, inútil, páñfilo... constitúen un ataque directo á autoestima dos nenos/as e con frecuencia chegan a formar parte da persoa facendo que se sinta identificado co alcume e que pense que é realmente así. **Procuremos non criticalo a él, critiquemos só o seu comportamento.**

Prohibido sermonear

Os pais podemos sermonear ata quedar afónicos, pero se o noso comportamento non corrobora as nosas palabras, non conseguiremos nada. En ocasións os fillos sorpréndennos mentindo e reprendémolos por iso pero hai que ter en conta que ás veces, as mentiras dos pais, aínda que sexan mentiras piadosas, transmiten aos fillos a sensación de que eles tamén poden mentir. **Teñamos pois coidado e procuremos dar exemplo con feitos e non só con palabras convertidas en sermóns “moralistas”.**



Nada de violencia

Aínda que hoxe en día todos comprendemos as consecuencias de empregar a violencia, en ocasións, incluso os pais contrarios a estas prácticas, escápaselles unha labazada ou un lapote motivado por un momento de nerviosismo ou de alteración. O seu efecto educativo non só é nulo senón que os nenos/as aprenden que a agresividade é unha forma normal de reaccionar. **Cando notemos que nos estamos a alporizar é o momento de respirar profundamente e contar ata dez.**